



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG, ao abeiro da actual lexislación en materia de réxime local diríxese a vostede para lle **SOLICITAR, para a súa contestación POR ESCRITO**, á seguintes pregunta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Deputación desenvolveu un proxecto, no marco dos proxectos TERRAS DO AVIA, DELORUR e ARRAIANO, para a implantación dunha Rede de Acceso a Banda Larga, que engloba 51 municipios que comprenden un total de 1.540 núcleos de poboación., cofinanciado con axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) Desenvolvemento Local e Urbano) e pola Deputación de Ourense cunha achega de 2.455.000 €, que se distribúen do seguinte xeito: TERRAS DO AVIA: 965.000 €, DELORUR: 625.000 € e ARRAIANO: 865.000 €

O proxecto adxudicouse en novembro de 2009 a Iberbanda a través de un contrato de concesión de obra pública para a implantación e explotación dunha rede de banda ancha, contrato asinado o 9 de decembro de 2012, polo cal a empresa será a encargada de dotar de servizos de calidade de acceso a Internet de banda ancha, ao tempo que debería desenvolver un Plan de despregamento de rede coa instalación tecnoloxía WIMAX, que proporcionara cobertura a máis de cento dez mil habitantes, antes de setembro do 2.010.

O obxectivo fundamental do proxecto era o de conseguir reducir a fractura dixital no prazo máis breve posible, establecendo 3 fases para o despregue da banda larga que debería chegar ao 100% da poboación ofertada nos 12 meses a partir da adxudicación da licitación, en cada un dos proxectos,


Por todo o anterior, PREGUNTAMOS

1.- Acometéronse por parte da empresa adxudicataria a totalidade das obras que figuraban nos Pregos de condicións e nas fases previstas? En caso negativo, cales son as que faltan por executar?

2.- Cantos e cales son os núcleos de poboación, a día de hoxe, que non contan coa tecnoloxía prevista no prego?

3.- Considera a Presidencia que se cumpriron os obxectivos tracexados polo proxecto en cuestión?

Ourense, 13 de febreiro de 2017



Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE